

E-301 no produto listo para o consumo non deberá exceder dos 75 mg/l.

As doses máximas de utilización refírense ós alimentos listos para o consumo, preparados segundo as instrucións do fabricante.

Preparados de desleitamente:

A lista de aditivos modifícase coa inclusión do:

Número E	Denominación	Dose máxima
E-1451.	Amidón acetilado oxidado.	50 g/kg.

Alimentos para nenos de curta idade distintos dos elaborados a base de cereais:

Neste epígrafe inclúese a seguinte rúbrica:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Productos a base de froitas con baixo contido en azucre.	E-333*.	Quantum satis.

(*) Non se aplica a nota da cuarta parte.

A lista de aditivos substitúese por:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Sobremesas e pudín.	E-341 (1)(2).	1 g/kg como P ₂ O ₅ .
	E-400 a E-402. E-404.	0,5 g/kg por separado ou en combinación.

(1) Só para sobremesas a base de froitas.

(2) Non se aplica a nota da cuarta parte.

Cuarta parte. Aditivos alimentarios permitidos nos alimentos para lactantes e nenos de curta idade para fins médicos especiais

Nota: aplicaranse as táboas contidas nas partes primeira a terceira do anexo VI.

Inclúense os seguintes aditivos:

Número E	Denominación	Dose máxima	Condicions especiais
E-401.	Alxinato sódico.	1 g/l	Desde os catro meses en produtos alimenticios especiais coa composición requirida para tratar trastornos metabólicos e para alimentación por sonda xeral.
E-405.	Alxinato de propeno-1,2-diol.	200 mg/l	A partir dos doce meses en dietas especializadas destinadas a nenos que non toleren o leite de vaca ou con defectos metabólicos conxénitos.
E-410.	Goma de ervellaca.	10 g/l	Desde o nacemento en produtos destinados a reduci-lo refluxo gastroesofáxico.

Número E	Denominación	Dose máxima	Condicions especiais
E-412.	Goma guar.	10 g/l	Desde o nacemento, en produtos líquidos que conteñan proteínas hidrolizadas, péptidos ou aminoácidos, de conformidade co Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro.
E-415.	Goma xantana.	1,2 g/l	Desde o nacemento, en produtos baseados en aminoácidos ou péptidos destinados a pacientes con problemas de mala absorción de proteínas, deficiencias do aparello gastrointestinal ou erros innatos do metabolismo.
E-440.	Pectinas.	10 g/l	Desde o nacemento, en produtos utilizados en casos de trastornos gastrointestinais.
E-466.	Carboximetil celulosa sódica.	10 g/l ou kg	Desde o nacemento, en produtos destinados ó tratamento dietético de trastornos metabólicos.
E-471.	Mono e diglicéridos de ácidos graxos.	5 g/l	Desde o nacemento, en dietas especializadas en particular, en dietas sen proteínas.
E-1450.	Octenil succinato sódico de amidón.	20 g/l	Preparados para lactantes e preparados de continuación para lactantes.

MINISTERIO DE XUSTIZA

12139 REAL DECRETO LEXISLATIVO 3/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial de Seguridade Social do persoal ó servizo da Administración de Xustiza. («BOE» 154, do 28-6-2000, e 162, do 7-7-2000.)

A Lei 29/1975, do 27 de xuño, sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, determinaba na súa disposición adicional segunda que a Seguridade Social do persoal ó servizo da Administración de Xustiza se regulará por unha lei especial, adaptada ás directrices da Lei 29/1975, e en réxime de mutualismo, a través dunha mutualidade de funcionarios da Administración de Xustiza.

En cumprimento da anterior previsión legal, o Real decreto lei 16/1978, do 7 de xuño, creou a Mutualidade Xeral Xudicial, a través da cal se xestiona o réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios da Administración de Xustiza, adoptándose como directrices fundamentais a tendencia á unidade, a participación dos interesados no goberno da mutualidade e a prestación polo Estado da necesaria cobertura económica, de forma que a Mutualidade Xeral Xudicial quedaba definitivamente consolidada dentro do sistema da Seguridade Social española.

Esta norma foi obxecto de numerosas modificacións posteriores. Entre as disposicións con rango de lei que

incidiron nela poden citarse, sen ánimo exhaustivo, a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial; o texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 676/1987, do 30 de abril; sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e de medidas fiscais, administrativas e da orde social e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Por outra parte, cómpre ter presente que a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, como dispón o artigo 62 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, é de aplicación a esta Mutualidade Xeral Xudicial no relativo ós organismos autónomos, con determinadas especialidades que se establecen no mesmo artigo.

Así mesmo, o citado artigo 62 da Lei 50/1998, do 14 de abril, autoriza o Goberno para que, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor da dita lei, proceda á elaboración, entre outros, dun texto refundido que regularice, aclare e harmonice o Real decreto lei 16/1978, do 7 de xuño, e as súas modificacións posteriores coas disposicións que incidisen no ámbito do mutualismo administrativo contidas en norma con rango de lei.

Finalmente, a disposición adicional segunda da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, prorroga ata o 30 de xuño do ano 2000 a autorización outorgada ó Goberno polo artigo 62 anteriormente mencionado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2000,

DISPÓN O:

Artigo único.

Apróbase o texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial de Seguridade Social do persoal ó servizo da Administración de Xustiza, que se insire a continuación.

Disposición derradeira única.

Este real decreto lexislativo e o texto refundido que aproba, entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
ÁNGEL ACEBES PANIAGUA

TEXTO REFUNDIDO DAS DISPOSICIÓNS LEGAIS VIXENTES SOBRE O RÉXIME ESPECIAL DE SEGURIDADE SOCIAL DO PERSOAL Ó SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Réxime especial do persoal ó servizo da Administración de Xustiza.*

O réxime especial de Seguridade Social do persoal ó servizo da Administración de Xustiza rexeráse polo disposto neste real decreto lei e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento.

Artigo 2. *Campo de aplicación.*

Quedan obrigatoriamente incluídos neste réxime especial:

a) O persoal ó servizo da Administración de Xustiza comprendido na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

b) Os funcionarios en prácticas ó servizo da Administración de Xustiza, coa extensión e nos termos que se fixen regulamentariamente.

Artigo 3. *Mecanismos de cobertura.*

Este réxime especial queda integrado polos seguintes mecanismos de cobertura:

a) O réxime de clases pasivas do Estado, que se rexe polas súas normas específicas.

b) O mutualismo xudicial, que se regula neste real decreto lei e nas disposicións que o desenvolvan.

CAPÍTULO II

Mutualidade Xeral Xudicial

Artigo 4. *Adscrición da Mutualidade Xeral Xudicial.*

O sistema de mutualismo xudicial, que se regula neste real decreto lei, xestionarase a través da Mutualidade Xeral Xudicial, adscrita ó Ministerio de Xustiza.

Artigo 5. *Natureza e réxime xurídico.*

1. A Mutualidade Xeral Xudicial é un organismo público con personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión, e rexeráse polas previsións da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, relativas ós organismos autónomos, salvo o disposto no número seguinte. Así mesmo, a Mutualidade Xeral Xudicial gozará do mesmo tratamento fiscal que a lei estableza para o Estado.

2. O réxime económico-financiero, patrimonial, orzamentario e contable, así como o de intervención e control financeiro das prestacións e o réxime dos concertos para a prestación dos servizos de asistencia sanitaria e farmacéutica será o establecido pola súa lexislación específica, pola Lei xeral orzamentaria nas materias que sexan de aplicación e supletoriamente pola Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Artigo 6. *Goberno e administración.*

1. O goberno e a administración da Mutualidade Xeral Xudicial correspóndelle a Asemblea Xeral, á Xunta de Goberno, ó presidente e ó xerente.

2. A Asemblea é o órgano supremo da Mutualidade e estará constituída polos compromisarios que, en representación das distintas carreiras e corpos ó servizo da Administración de Xustiza, elixan os mutualistas na forma que regulamentariamente se determine.

3. A Xunta de Goberno, órgano de dirección e xestión, estará integrada por:

A) O presidente da Mutualidade.

B) Un conselleiro por cada uno dos seguintes grupos designados pola Asemblea Xeral:

1.º Carreira xudicial.

2.º Carreira fiscal.

3.º Secretarios da Administración de Xustiza e forenses.

- 4.º Oficiais da Administración de Xustiza.
- 5.º Auxiliares da Administración de Xustiza.
- 6.º Axentes da Administración de Xustiza.

C) O tesoureiro e o secretario, que serán designados pola Asemblea Xeral na forma que regulamentariamente se determine.

D) O interventor, que será nomeado polo ministro de Xustiza.

4. O presidente é o órgano de representación da Mutualidade Xeral Xudicial, preside os seus órganos colexiados e será designado polo presidente do Tribunal Supremo por proposta, en terna, da Asemblea Xeral, entre funcionarios xudiciais ou fiscais en activo, con categoría, polo menos, de maxistrado do dito alto tribunal.

5. O xerente, órgano executivo da Mutualidade, desempeñará a xefatura dos servizos administrativos, técnicos e económicos, baixo a inmediata dependencia do presidente, será designado pola Xunta de Goberno, por proposta daquel, sen necesidade de que sexa mutualista, e será cargo técnico e retribuído.

Artigo 7. *Funcionarios ó servizo da Mutualidade Xeral Xudicial.*

Os funcionarios da Administración xeral do Estado ou da Administración de Xustiza que pasen a prestar os seus servizos na Mutualidade Xeral Xudicial permanecerán na situación de servizo activo nos corpos, escalas ou prazas de procedencia.

Artigo 8. *Funcionamento dos órganos da Mutualidade Xeral Xudicial.*

O funcionamento, réxime e atribucións dos órganos centrais e dos provinciais, así como a composición destes, regularase por vía regulamentaria.

CAPÍTULO III

Das persoas protexidas, da afiliación e da cotización

Artigo 9. *Campo de aplicación.*

1. O persoal comprendido no artigo 2 deste real decreto lei, en situación de servizo activo ou en prácticas, excedencia forzosa, excedencia para o coidado de fillos, servizos especiais ou suspensión de funcións, será obrigatoriamente incorporado, como mutualista, á Mutualidade Xeral Xudicial.

2. Manterase obrigatoriamente no campo de aplicación deste réxime especial o persoal comprendido no artigo 2 deste real decreto lei que pase á situación de xubilado, agás que, en tal situación e estando incorporado a outro réxime de Seguridade Social, renunciase ou renuncie expresamente ó regulado neste real decreto lei.

3. O persoal que por motivos distintos ó aludido no número anterior perda a condición de funcionario ou se atope ou pase á situación de excedencia voluntaria, agás o previsto para o coidado de fillos, adquirirá ou conservará, respectivamente, a condición de mutualista, con igualdade de dereitos, sempre que satisfaga, ó seu cargo, as cotas e achega do Estado correspondente.

4. Cando unha única prestación de servizos sexa causa de inclusión obrigatoria neste réxime especial e noutro ou outros réximes de Seguridade Social, poderase optar, por unha soa vez, por pertencer exclusivamente ó regulado neste real decreto lei, agás que a dobre afiliación afecte a este e a outro réxime especial de fun-

cionarios, caso no que se poderá optar tamén, por unha soa vez, por pertencer a calquera dos dous.

5. Os viúvos, viúvas e orfos de mutualistas activos ou xubilados, sempre que non teñan dereito por si mesmos a equivalente cobertura da asistencia sanitaria mediante outro réxime dos que compoñen o sistema español de Seguridade Social, terán dereito ás prestacións establecidas nas letras a) e e) do artigo 12 deste real decreto lei.

Artigo 10. *Cotización.*

1. A cotización á Mutualidade Xeral Xudicial será obrigatoria para tódolos mutualistas que se enumeran nos números 1 e 3 do artigo 9 deste real decreto lei. Os mutualistas en situación de excedencia por coidado de fillos non terán obriga de cotizar mentres dure tal situación.

2. A base de cotización será a que en cada momento se estableza como haber regulador para efectos de cotización de dereitos pasivos.

3. O tipo porcentual de cotización será fixado anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado.

4. A cota mensual de cotización obterase dividindo por catorce a cantidade resultante de aplica-la base de cotización anual ó tipo porcentual establecido, e aboarse dobremente nos meses de xuño e decembro.

Non obstante, a cotización correspondente á paga extraordinaria reducirase, calquera que sexa a data da súa esixibilidade, na mesma proporción en que se minore a dita paga como consecuencia de aboarse esta en contía proporcional ó tempo que se permanecese en situación de servizo activo.

As cotas correspondentes ós períodos de tempo en que se goce de licencias sen dereito a retribución non experimentarán redución na súa contía.

CAPÍTULO IV

Continxencias e prestacións

Artigo 11. *Continxencias protexidas.*

As continxencias protexidas polo réxime especial de Seguridade Social que establece este real decreto lei son as seguintes:

- a) Alteración da saúde.
- b) Incapacidade temporal, derivada de enfermidade, calquera que fose a súa causa, de accidente común ou en acto de servizo, ou como consecuencia del.
- c) Incapacidade permanente nos mesmos supostos anteriores.
- d) Cargas familiares.

Artigo 12. *Prestacións.*

1. As prestacións que cubrirá a Mutualidade Xeral Xudicial serán as seguintes:

- a) Asistencia sanitaria.
- b) Subsidio por incapacidade temporal.
- c) Prestacións recuperadoras por incapacidade permanente total, absoluta e gran invalidez e para a retribución do persoal encargado da asistencia do gran inválido.
- d) Indemnizacións por lesión, mutilación ou deformidade, de carácter definitivo non invalidante, orixinada por enfermidade profesional ou en acto de servizo ou como consecuencia del.
- e) Prestacións sociais e asistencia social.
- f) Prestacións familiares por fillo a cargo minusválido.

g) Subsidio especial por maternidade en caso de parto múltiple, prestación económica de pagamento único por parto múltiple e prestación económica de pagamento único por nacemento de fillo.

2. O financiamento destas prestacións realizarase con cargo ós recursos económicos a que se refire o artigo 22, salvo as prestacións familiares por fillo a cargo minusválido, por nacemento de fillo e as de parto múltiple, que se financiarán exclusivamente con subvención do Estado.

3. As prestacións relacionadas neste artigo que non sexan reguladas expresamente neste real decreto lei estableceranse por real decreto, por proposta do ministro de Xustiza, e recoñeceranse na mesma extensión que nos réximes especiais de Seguridade Social dos funcionarios públicos.

CAPÍTULO V

Prestacións en particular

SECCIÓN 1.^a PRESTACIÓNS SANITARIAS

Artigo 13. *Obxecto da prestación.*

1. A asistencia sanitaria ten por obxecto a prestación dos servizos médicos, cirúrxicos, hospitalarios e farmacéuticos conducentes a conservar, recuperar ou restablecer a saúde das persoas protexidas por este réxime especial de Seguridade Social, así como a súa aptitude para o traballo.

2. Proporcionará tamén os servizos convenientes para completa-las prestacións médicas e farmacéuticas e, de modo especial, atenderá a rehabilitación precisa para a recuperación profesional das persoas protexidas.

Artigo 14. *Continxencias cubertas.*

As continxencias cubertas pola prestación de asistencia sanitaria serán as de enfermidade común ou profesional e as lesións causadas por accidente calquera que sexa a súa causa, así como o embarazo, o parto e o puerperio.

Artigo 15. *Beneficiarios.*

1. A asistencia sanitaria dispensase a tódolos mutualistas incluídos no ámbito de aplicación deste réxime especial e xubilados mutualistas, así como ós beneficiarios de ambos.

2. Para a determinación da condición de beneficiario a cargo dun mutualista deste réxime especial haberá que aterse ó disposto no réxime xeral da Seguridade Social.

3. A asistencia sanitaria deste réxime especial dispensarase tamén ós viúvos, viúvas e orfos de mutualistas activos ou xubilados, sempre que non teñan en por si equivalente cobertura de asistencia sanitaria mediante outro réxime dos que integran o sistema español de Seguridade Social.

Artigo 16. *Prestación da asistencia sanitaria e farmacéutica.*

1. A asistencia sanitaria prestarase ó titular e ós beneficiarios ó seu cargo, coa extensión, duración e condicións que regulamentariamente se determinen para as distintas continxencias constitutivas do feito causante, coa extensión e alcance determinado ou que se determine no réxime xeral da Seguridade Social.

2. Os beneficiarios da prestación farmacéutica participarán mediante o pagamento dunha cantidade porcentual nos termos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 17. *Medios para a prestación da asistencia sanitaria.*

A asistencia sanitaria prestarase mediante servizos propios dependentes da Mutualidade Xeral Xudicial, en virtude do concerto con outras entidades ou establecementos públicos ou privados ou por concerto con institucións da Seguridade Social.

SECCIÓN 2.^a INCAPACIDADE TEMPORAL

Artigo 18. *Incapacidade laboral.*

A incapacidade laboral, nas súas modalidades de temporal e permanente, consistirá na falta ou diminución da integridade psicofísica do mutualista, con reflexo na situación económico-profesional do funcionario.

Artigo 19. *Réxime da incapacidade temporal.*

1. Os funcionarios en activo comprendidos no ámbito de aplicación deste texto refundido, que obtivesen licencias por enfermidade ou accidente que impidan o normal desempeño das súas funcións, consideraranse en situación de incapacidade temporal.

2. A concesión das licencias e o seu control corresponderalles ós órganos xudiciais e administrativos competentes en materia de xestión de persoal, co asesoramento facultativo que, se é o caso, estimen oportuno.

Para os efectos de cómputo de prazos, consideraranse que existe nova enfermidade cando o proceso patolóxico sexa diferente e, en todo caso, cando se interrompesen as licencias durante un mínimo dun ano.

A duración da primeira e sucesivas licencias será do tempo previsible para a curación e cun máximo dun mes cada unha delas.

3. En calquera momento en que se prevexa que a enfermidade ou lesión por accidente impedirá definitivamente o desempeño das funcións públicas, o órgano de xubilación competente, de oficio ou por instancia do interesado, iniciará o procedemento de xubilación por incapacidade permanente para o servizo. Por orde ministerial serán establecidos os mecanismos necesarios para coordina-las actuacións da mutualidade e as do órgano de xubilación.

4. A duración e extinción da situación de incapacidade temporal serán as mesmas cás do réxime xeral da Seguridade Social.

Artigo 20. *Dereitos económicos.*

1. Na situación de incapacidade temporal, o funcionario mutualista terá os seguintes dereitos económicos:

A) Durante os seis primeiros meses, os previstos no artigo 375.1 da Lei 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e nos regulamentos orgánicos correspondentes ós distintos corpos de funcionarios da Administración de Xustiza.

B) Desde o sétimo mes, percibirá as retribucións básicas e, se é o caso, a prestación por fillo a cargo e un subsidio por incapacidade temporal a cargo da Mutualidade Xeral Xudicial, a contía do cal, fixa e invariable mentres dure a incapacidade, será a maior das dúas cantidades seguintes:

1.^a O 80 por 100 das retribucións básicas (soldo e trienios), incrementadas na sexta parte dunha paga extraordinaria, correspondentes ó primeiro mes de licencia.

2.^a O 75 por 100 das retribucións complementarias correspondentes ó primeiro mes de licencia.

A suma das cantidades anteriores non poderá exceder do importe das percepcións que o funcionario tivese no primeiro mes de licenza.

2. Cando a extinción da situación de incapacidade temporal se producise polo transcurso do prazo máximo establecido, prorrogáranse os efectos da situación de incapacidade temporal, ata o momento da declaración da xubilación por incapacidade permanente. Naqueles supostos en que, continuando a necesidade de tratamento médico, a situación clínica do interesado faga aconsellable demora-la posible cualificación do estado do funcionario como incapacitado con carácter permanente para as funcións propias do seu corpo ou escala, esta poderá atrasarse polo período preciso, sen que este poida, en ningún caso, dar lugar a que a declaración da xubilación teña lugar unha vez superados os trinta meses desde a data en que se iniciou a incapacidade temporal.

O dereito ó subsidio económico por incapacidade laboral entenderase, en todo caso, extinguido polo transcurso do prazo de trinta meses previsto no punto anterior.

3. Os permisos ou licencias por parto, adopción e acollemento establecidos no número 3 do artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, non terán a consideración de incapacidade temporal. Se ó termo do permiso continuase a imposibilidade de incorporarse ó traballo, iniciaranse as licencias que dan lugar á incapacidade temporal.

4. Terá a mesma consideración e efectos cá incapacidade temporal a situación da funcionaria que obtivese licenza por risco durante o embarazo, sempre que esta supoña a non percepción de haberes.

SECCIÓN 3.^a PROTECCIÓN Á FAMILIA

Artigo 21. *Prestacións económicas.*

1. As prestacións económicas de protección á familia serán de pagamento periódico e de pagamento único. As primeiras corresponden ás prestacións familiares por fillo a cargo, e as segundas ó subsidio especial por maternidade nos supostos de parto múltiple e á prestación económica de pagamento único por parto múltiple e á prestación económica por nacemento de fillo.

2. As prestacións por fillo a cargo menor de dezaioito anos non minusválido rexeranse polo disposto no capítulo IX do título II do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, e a súa xestión corresponde ás unidades e órganos administrativos que tiñan encomendada a das extinguidas prestacións da axuda familiar, sen prexuízo de que, cando o beneficiario teña a condición de pensionista, a consignación e aboamento das prestacións recoñecidas se efectúen polos servicios correspondentes a clases pasivas do Ministerio de Facenda.

3. As prestacións por fillo a cargo minusválido rexeranse polo disposto no capítulo IX do título II do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, e a súa xestión corresponde á Mutualidade Xeral Xudicial.

4. a) O subsidio especial por maternidade no suposto de parto múltiple terá o mesmo contido que no réxime xeral da Seguridade Social, e a súa xestión corresponde igualmente á Mutualidade Xeral Xudicial.

b) A prestación económica por nacemento de fillo, a prestación económica de pagamento único por parto múltiple, compatible co subsidio da letra a) deste mesmo artigo, terá o mesmo contido que no réxime xeral da Seguridade Social, e a súa xestión corresponde á Mutualidade Xeral Xudicial.

5. As prestacións de protección á familia establecidas neste real decreto lei son incompatibles con calquera outra análoga fixada nos restantes réximes do sistema da Seguridade Social.

CAPÍTULO VI

Réxime económico e financeiro

Artigo 22. *Recursos económicos.*

Os recursos económicos da Mutualidade Xeral Xudicial son os seguintes:

1.º As achegas estatais que se establecen no artigo seguinte.

2.º As cotas dos mutualistas.

3.º As subvencións, herdanzas, legados ou doazóns de calquera natureza.

4.º Os bens que adquira e os seus froitos, rendas e xuros.

Artigo 23. *Achegas do Estado.*

1. O Estado consignará de modo permanente nos seus orzamentos as achegas que anualmente lle concederá á Mutualidade Xeral Xudicial para que o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 12, número 1, agás as indicadas nas alíneas f) e g) do dito número.

2. A contía destas achegas estatais determinarase mediante unha porcentaxe dos haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos do persoal xudicial acollido a esta mutualidade. A dita porcentaxe será fixada anualmente na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado, e esta achega será, en todo caso, independente das subvencións mencionadas no número 3 do artigo 22.

Artigo 24. *Subvención do Estado.*

As prestacións mencionadas nos parágrafos f) e g) do número 1 do artigo 12 financiaranse exclusivamente con subvención do Estado.

CAPÍTULO VII

Recursos e réxime xurisdiccional

Artigo 25. *Recursos e réxime xurisdiccional.*

1. O réxime xurídico aplicable ós órganos da Mutualidade é o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas modificacións introducidas nela pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. Os actos e resolucións do presidente e do xerente non poñen fin á vía administrativa, e contra eles poden interperse recurso dealzada ante a Xunta de Goberno, as resolucións da cal poñen fin á vía administrativa e son impugnables ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

3. Os actos da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno serán susceptibles de recurso de alzada ante o ministro de Xustiza, as resolucións do cal poñen fin á vía administrativa e son impugnables ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

4. Exceptúanse do disposto nos dous números anteriores, e en todo caso, poñerán fin á vía administrativa, as resolucións a que se refiren os parágrafos a) e b) do artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e as dictadas en materia de persoal polos órganos unipersoais ou colexiados citados nos números 2 e 3 deste artigo. Contra estas resolucións poderán interpoñerse recurso potestativo de reposición ou ben poderán recorrerse directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Disposición adicional primeira. *Mutualistas non pertencentes ós corpos que se enumeran no artigo 6, número 3.B).*

1. Manterán a condición de mutualistas aquelas persoas que, non pertencendo ós corpos que se enumeran no artigo 6, número 3.B) están incluídas no campo de aplicación deste réxime especial á entrada en vigor deste real decreto lei.

2. Os familiares destes mutualistas, así como os seus viúvos, viúvas e orfos, poderán ser beneficiarios das prestacións deste réxime especial nas mesmas circunstancias e condicións cós familiares, viúvos, viúvas e orfos dos restantes mutualistas.

Disposición adicional segunda. *Extensión da acción protectora a anteriores cónxuxes.*

Para os efectos da acción protectora que este real decreto lei dispensa ós viúvos, consideraranse asimilados a eles os que perciban pensión de viuvez de clases pasivas por teren sido cónxuxes de funcionarios incluídos no campo do mutualismo administrativo.

Disposición adicional terceira. *Mutualidades de funcionarios da Administración de Xustiza integradas na Mutualidade Xeral Xudicial.*

1. O Estado garántelles ós socios e beneficiarios da Mutualidade Benéfica de Funcionarios de Xustiza Municipal, da Mutualidade de Previsión de Funcionarios da Administración de Xustiza e da Mutualidade Benéfica de Auxiliares da Administración de Xustiza, integradas na Mutualidade Xeral Xudicial ó abeiro da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 50/1984, do 30 de decembro, as prestacións vixentes en 31 de decembro de 1984.

Non obstante, as pensións que se recoñezan reducíranse ata acada-las contías vixentes en 31 de decembro de 1973, nun 20 por 100 anual da diferenza entre as contías das pensións inicialmente garantidas e as vixentes en 31 de decembro de 1973, operando as ditas reducións a partir do exercicio seguinte á súa concesión.

2. A totalidade dos bens e recursos das tres mutualidades, achegados coa súa integración á Mutualidade Xeral Xudicial, constitúen un fondo especial ó que se incorporan as cotas dos mutualistas afectados e os recursos públicos que lles correspondan. As cotas serán as vixentes en 31 de decembro de 1973.

3. Os gastos imputables ás mutualidades integradas financiaranse cos recursos do mencionado fondo especial, o déficit do cal, se é o caso, será cuberto mediante subvención do Estado.

4. Para os efectos previstos no parágrafo primeiro do número 1 desta disposición adicional, os colectivos de socios mutualistas integrados no Fondo Especial da Mutualidade Xeral Xudicial son os existentes en cada unha das mutualidades en 31 de decembro de 1984.

A opción individual de se daren de baixa nas mutualidades integradas poderá exercitarse en calquera momento, coa perda por parte do beneficiario de calquera prestación e sen dereito á devolución de cotas.

Disposición adicional cuarta. *Réxime do medicamento.*

Para os efectos do establecido no artigo 16.2 deste real decreto lei e de acordo coa disposición adicional décimo sétima da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, será de aplicación á prestación farmacéutica deste réxime especial o establecido no artigo 94.6 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, na redacción que se lle dá no artigo 109.3 da citada Lei 66/1997.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. En virtude da súa incorporación a este texto refundido, quedan derogados o Real decreto lei 16/1978, do 7 de xuño, sobre o réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios da Administración de Xustiza, e as súas modificacións posteriores contidas en normas con rango de lei.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste texto refundido.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este texto refundido dítase ó abeiro do previsto no artigo 149.1.17.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o ministro de Xustiza, logo de informe, se é o caso, do ministro de Facenda e do de Traballo e Asuntos Sociais no ámbito das súas respectivas competencias, para dictar ou propor ó Goberno, segundo proceda, as normas de aplicación e desenvolvemento deste texto refundido.

(Este real decreto lexislativo inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 162, de data 7 de xullo de 2000.)

MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

12140 REAL DECRETO LEXISLATIVO 4/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado. («BOE» 154, do 28-6-2000.)

O réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado foi establecido pola Lei 29/1975, do 27 de xuño, sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado. As súas directrices obedecen ós mesmos criterios inspiradores da Lei 193/1963, do 28 de decembro, de bases da Seguridade Social.

Precisamente no campo da protección social viñéronse producindo numerosas modificacións que deron lugar, no seu momento, á promulgación do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño. Así mesmo, outras materias concernentes ós dereitos dos funcionarios foron obxecto de novas regularizacións, aclaracións e harmonizacións, especialmente o ámbito da protección social das clases pasivas do Estado; o seu texto refundido foi aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, sen que estes procesos tivesen un reflexo paralelo nas disposicións legais aplicables á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, cunha normativa que é nestes momentos complexa e dispersa.

Por iso, o artigo 62 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, facultou o Goberno para que, no prazo dun ano a partir da súa entrada en vigor, procedese á elaboración dun texto refundido que regularizase, aclarase e harmonizase